

IDEAR ALEMPARTE

Convocatoria para a realización dunha intervención artística no medio rural de Alemparte (Ribeira Sacra). A instalación realizarase coa colaboración de xente local e empregando recursos sostibles e está dirixida a mulleres creadoras.

QUE É

Idear Alemparte é unha proposta cultural deslocalizada realizada en colaboración coa Asociación Líncora-Alemparte que busca implicar ao núcleo rural na promoción da arte contemporánea, con especial interese na valoración do traballo feminino. O proxecto localízase no lugar de Alemparte de arriba (Líncora), pertencente ao concello de Chantada e situado na Ribeira Sacra. Actividade realizada coa axuda do Ministerio de Cultura y Deporte.

OBXECTIVOS

O obxectivo principal é realizar unhas xornadas que poidan consolidarse co tempo para xerar experiencias artísticas entre creadoras profesionais e xente local. Un espazo de creación sustentable, desde o respecto e en relación directa coa natureza, capaz de repensar o territorio e a súa historia e de fortalecer a rede cultural da contorna. As xornadas terán como proposta principal a realización dunha intervención artística colectiva na paisaxe.

SOBRE O LUGAR

San Pedro de Líncora é unha parroquia do concello de Chantada con menos de 200 habitantes, no que se atopa o lugar de Alemparte. A súa particular localización fai que no territorio podamos observar os restos das distintas actividades humanas, o traballo co gando, os terreos con viñedos, as vellas corredeiras que conectaban Belesar con Líncora e quedaron en desuso. Esta pequena aldea sufriu, como moitos núcleos do rural galego, unha emigración masiva durante o século XX, polo que as distintas xeracións manteñen unha relación moi diferente co lugar.

O proxecto conta coa colaboración da artista e docente Silvia García, propietaria dun terreo en Alemparte, que servirá para realizar a intervención artística aproveitando as características naturais da contorna, tecer redes colaborativas e empregar as ferramentas da creación que posibiliten establecer un diálogo co lugar.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- Para artistas mulleres residentes en Galicia
- O proxecto instalativo pode contemplar as diferentes disciplinas (arte sonoro, audiovisual, instalación pictórica, escultórica ou fotográfica)
- É necesario estar dada de alta no IAE no momento de realizar o proxecto

DOTACIÓN

- Honorarios de 1000€ (materiais incluídos)
- Gastos de dietas e estancia
- Editarase unha publicación dixital cos resultados.

DOCUMENTACIÓN

Datos de contacto (correo, teléfono, lugar de residencia actual)

Proxecto explicativo que inclúa título, resumo da proposta, metodoloxía, materiais, necesidades técnicas e humanas, imaxes ou bosquejos orientativos. Máximo 4 páxinas.

CV actualizado

PRAZOS

Proxecto a desenvolver o primeiro fin de semana de decembro

Peche da convocatoria o 14 de novembro / Resolución da convocatoria o 18 de novembro

ENVÍO DE SOLICITUDES

idear.alemparte@gmail.com

